

REGULAMENTO INTERNO DE FUNCIONAMENTO DA REDE ENTRE O SECTOR PESQUEIRO E ORGANISMOS CIENTÍFICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para a contribuír á aplicación da política pesqueira común e a política marítima da Unión; por outra banda, tamén sinala que o FEMPA contribuír á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático e de adaptación a este da Unión. Neste sentido, no ámbito da pesca e do medio mariño, o FEMPA establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

O Programa Operativo español sinala como puntos débiles tanto para o fomento da pesca sostible e da recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos como para a sostibilidade económica, a insuficiente coordinación entre a administración pesqueira, sector pesqueiro e xestores e organizacións medioambientais, organismos científicos e outros actores implicados, dificultando sinerxías e coordinación, e as insuficientes redes de cooperación entre o sector e investigadores científicos que garantan o intercambio de coñecemento e beneficio mutuo.

Por outra banda, destaca entre as prioridades en materia de protección e conservación do medio mariño, a implicación de actores importantes como pescadores, ONGs, organismos científicos e outras entidades públicas e privadas e, en relación á sostibilidade ambiental, se identifica como necesidade, a partir da análise das DAFO e tendo en conta os elementos establecidos no artigo 8.5 do Regulamento do FEMPA, a participación do sector pesqueiro, científicos e organizacións ambientais, na xestión dos recursos pesqueiros.

Finalmente, mencionar que no Programa Operativo español se recolle como actividade prevista no obxectivo específico 1.6 as operacións destinadas á protección e conservación do medio mariño e menciona como beneficiarios, entre outros, as agrupacións formadas por diferentes partes nas que a lo menos un deles é un operador do sector pesqueiro, un organismo científico-técnico ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en adiante a Rede, coa finalidade de

fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

A Rede configúrase como un órgano colexiado dos previstos na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e adscríbese á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Artigo 1. - Composición

1. A Rede terá a seguinte composición:

a) A Presidencia, que corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

b) A Vicepresidencia Primeira, que terá carácter rotatorio anual entre o sector pesqueiro e os organismos científicos participantes na Rede. Corresponderá inicialmente á persoa proposta para tal efecto pola Federación Galega de Confrarías e, seguidamente, a unha persoa proposta polos vogais dos organismos científicos participantes.

c) A Vicepresidencia Segunda, que terá carácter rotatorio anual entre o sector pesqueiro e os organismos científicos participantes na Rede. Corresponderá inicialmente á persoa proposta para ese efecto polas vogalías dos organismos científicos participantes e, seguidamente, a unha persoa proposta pola Federación Galega de Confrarías.

d) As vogalías en representación dos organismos científicos e do sector pesqueiro que a continuación se relacionan, por proposta das distintas organizacións ou institucións:

1º. Unha persoa investigadora da área de Recursos Mariños do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA).

2º. Unha persoa do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

3º. Unha persoa do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.

4º. Unha persoa investigadora do ámbito mariño de cada unha das universidades do Sistema universitario de Galicia.

5º. Dúas persoas investigadoras da Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), das cales unha pertencerá ao Instituto de Investigacións Mariñas e a outra ao Instituto Español de Oceanografía, ambas propostas pola persoa titular da Vicepresidencia de Organización e Relacións

Institucionais ou por aquela outra en quen delegue a persoa titular da Presidencia do CSIC.

6º. Unha persoa por cada federación provincial de confrarías de pescadores de Galicia.

7º. Dúas vogalías do Pleno do Consello Galego de Pesca.

8º. Unha persoa profesional pertencente ao colectivo do marisqueo a pé, por proposta da Federación Galega de Confrarías.

9º. Unha persoa profesional pertencente á Federación Galega de Redeiras.

10º. Unha persoa representante dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) con sede en Galicia.

11º. Unha persoa representante do Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación Cetmar).

e) A Secretaría da Rede corresponderá á persoa que ocupe a subdirección xeral con competencias en investigación mariña na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

2. As persoas que exerzan a Vicepresidencia Primeira e a Vicepresidencia Segunda, así como as vogalías, serán nomeadas pola persoa titular da Dirección Xeral Desenvolvemento Pesqueiro.

3. Tanto na composición da Rede como nos grupos de traballo ou calquera outro órgano multipersoal que se poida crear seguirase o principio de presenza equilibrada de homes e mulleres, conforme o previsto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade.

Para poder dispor de datos desagregados por razón de sexo, incorporárase a perspectiva de xénero en calquera recompilación que se poida facer.

Artigo 2.- Presidencia

1. Correspóndenlle á Presidencia as seguintes funcións:

a) Velar pola correcta aplicación das medidas do artigo 3, prioridade 1, do Regulamento (UE) regulador do FEMPA.

b) Coordinar os grupos de traballo constituídos dentro da Rede.

c) As sinaladas con carácter xeral no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

1) A representación do órgano.

2) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as solicitudes dos demais membros efectuadas coa suficiente antelación.

3) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causa xustificada.

4) Resolver empates co seu voto, para os efectos da adopción de acordos.

5) Velar polo cumprimento das leis.

6) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

7) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. A persoa que exerza a presidencia terá sempre a condición de vogal do órgano Colexiado.

3. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será substituída pola vicepresidencia, se é o caso, e, no seu defecto, pola persoa integrante do órgano Colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, entre os seus compoñentes.

Artigo 3. Vicepresidencias

Correspóndelle á Vicepresidencia Primeira substituír a Presidencia no caso de vacante, ausencia ou enfermidade, así como o desenvolvemento das funcións que a Presidencia expresamente lle delegue.

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade da Vicepresidencia Primeira, corresponden á Vicepresidencia Segunda as funcións sinaladas no parágrafo primeiro.

Artigo 4. Secretaría

1. A Secretaría terá as seguintes funcións:

a) Coordinar a realización dos informes anuais de execución, en que se recollerán as actuacións e progresos acadados pola Rede e que serán obxecto de publicidade na páxina web da Xunta de Galicia.

b) As sinaladas con carácter xeral no artigo 18 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

1. Asistir ás reunións, con voz e voto ao ser integrante da Rede.

2. Efectuar a convocatoria das sesións da Rede por orde da presidencia, así como a convocatoria dos seus integrantes.

3. Recibir os actos de comunicación das persoas que compoñan a Rede e, polo tanto, as notificacións, solicitudes de datos, propostas, rectificacións ou calquera outro tipo de escritos dos que deban ter coñecemento.
 4. Elaborar o despacho de asuntos.
 5. Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
 6. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a.
2. A Secretaría da Rede levantará actas das reunións, que se remitirán á Presidencia.
3. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa que desempeñe a Secretaría poderá ser substituída por outra persoa funcionaria, con nivel mínimo de xefe ou xefa de servizo, da subdirección xeral con competencias en investigación mariña, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Artigo 5. Vogalías

1. Correspóndenlles ás vogalías as seguintes funcións:

- a) Trasladar á Secretaría a información relativa a todas as accións que leven a cabo dentro do marco da Rede.
- b) Dar a máxima visibilidade ás actuación citadas nas páxinas web das súas institucións ou asociacións.
- c) Colaborar na organización das sesión plenarias, seguindo as directrices que estableza a Secretaría.
- d) As sinaladas con carácter xeral no artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:
 1. Recibir a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición das vogalías.
 2. Participar nos debates das sesións.
 3. Exercer o seu dereito a voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e as razóns que o xustifiquen.
 4. Non absterse nas votacións, aquelas persoas que, pola súa condición de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas, teñan a condición de integrantes de órganos colexiados.
 5. Formular solicitudes e preguntas.
 6. Obter a información precisa para o cumprimento das funcións encomendadas.

7. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, as vogalías poderán ser substituídas por outra persoa da mesma entidade, organización ou institución que as propuxo.

Artigo 6. Convocatorias, sesións e funcionamento da Rede

1. Para a válida constitución da Rede, para a celebración de sesións, deliberacións e acordos, requirirase a presenza da presidencia e da persoa que ocupe a secretaría ou, se é o caso, das persoas que as substitúan, e a metade máis un, cando menos, das persoas que o compoñan. En segunda convocatoria, que se entenderá producida con carácter automático transcorridos quince minutos da primeira, bastará coa asistencia, ademais da presidencia e da secretaría, da terceira parte das persoas integrantes do órgano.

2. No caso da falta de proposta das vogalías por algunha organización, asociación ou federación, adaptaranse os quóruns ao número de vogalías designadas efectivamente.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todas as persoas integrantes da Rede e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

5. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse á secretaría da Rede para que se expida certificación dos seus acordos.

6. A Rede reunirse polo menos unha vez no ano, logo de convocatoria acordada pola Presidencia. Así mesmo, a Presidencia poderá convocar sesións extraordinarias cando o considere xustificado ou cando o solicite unha terceira parte das vogalías que a integren.

7. As convocatorias ordinarias efectuaranse, polo menos, con dez días de antelación á data da reunión. Para as extraordinarias poderá reducirse este prazo, que en ningún caso será inferior a tres días antes da data da reunión.

8. A Rede poderá invitar ás sesións persoas que, non formando parte dela, representen entidades xuridicamente recoñecidas, representativas dos sectores pesqueiro, marisqueiro e acuícola, que desenvolvan actividades concretas vencelladas aos proxectos ou estudos realizados puntualmente pola Rede, así como as persoas expertas que considere oportunas.

9. Para o mellor cumprimento dos fins, a Rede poderá constituír grupos de traballo para a análise e estudo de temas concretos que sirvan de apoio ás funcións desenvolvidas pola Rede. O acordo de constitución dos grupos de traballo incluírá a determinación do seu réxime de funcionamento, función e composición. Ás reunións dos grupos de traballo poderán asistir como invitadas todas as persoas cuxa participación se considere útil para o traballo que se vaia realizar.

Artigo 7. Actas

1. De cada sesión que celebre a Rede, a persoa que ocupe a secretaría levantará acta, na que se especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e hora en que se celebrou, os principais puntos da reunión, deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
2. Na acta figurará, por petición das persoas integrantes da Rede, o voto en contra do acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que o xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera integrante da Rede ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e aporte de inmediato, ou no prazo sinalado pola presidencia, o texto que corresponda fielmente a súa intervención, quedando así constancia na acta ou xuntando copia á mesma.
3. As persoas que non estean de acordo co acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas desde o momento en que a presidencia considere rematada a sesión, que se incorporará ao texto aprobado.
4. Cando as persoas que compoñan a Rede voten en contra ou se absteñan, quedarán exentas da responsabilidade que, se é o caso, puidese derivar dos acordos.
5. A acta aprobarase na mesma ou na seguinte sesión; non obstante, a secretaría poderá expedir certificación sobre os acordos concretos que se adoptasen, sen prexuízo da posterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente esta circunstancia.

Artigo 8. Procedemento de presentación de propostas á Rede

- 1.- As propostas á Rede deberán ser presentadas co apoio de, a lo menos, 2 vogais, sendo necesariamente un deles un dos organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia e un organismo pertencente ao sector pesqueiro.

As propostas incluírán os elementos precisos para levar a cabo a súa avaliación. Deberase incluír a seguinte documentación:

- a) Documento de solicitude, segundo modelo.
- b) Proposición técnica. Nun formato sucinto que permita a súa revisión e comprensión rápida polos restantes participantes da Rede. Incluírá de forma clara o título polo que se queira coñecer a proposta.
- c) Convenios de colaboración con entidades externas á Rede e empresas ou cartas de interese, segundo o caso, que participarán nas tarefas e orzamento da proposta.

d) Copia dos estatutos das entidades e empresas citadas no punto anterior e relación de nomeamentos dos membros dos seus órganos de dirección e enderezo no momento de presentar a solicitude.

As propostas deberán ser asinadas polas persoas representantes legais de todas as entidades participantes no momento da súa presentación e enviaranse á Secretaría, preferentemente en formato dixital que permita a súa remisión as demais persoas integrantes da Rede para que realicen a súa avaliación, de ser o caso.

Artigo 9. Características das propostas

1. Todas as propostas deberán reflectir:

a) Un interese colectivo dos seus membros, dun grupo de persoas interesadas ou do público en xeral, é dicir, as accións deben abarcar máis que a suma dos intereses individuais dos membros do colectivo beneficiario.

b) Un beneficiario colectivo, referido a unha organización recoñecida que representa os intereses dos seus membros, dun grupo de persoas interesadas ou do público en xeral, debendo garantirse que a persoa beneficiaria é a organización colectiva e non os seus membros.

c) Aporte dalgún tipo de mellora ou innovación no ámbito da proposta, considerándose como tal se introduce novas formas de pensar ou facer, novos mercados, produtos, servizos, métodos de traballo ou innovación social, e debe avaliarse segundo a situación local e en termos da súa eficacia en comparación cos métodos e solucións existentes ata ese momento nese territorio.

2. O contido das propostas presentadas debe estar aliñado co obxectivo específico do artigo 14.1.f) do Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello: “contribuír á protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos”, e debe axustarse á prioridade 1 do artigo 3 do dito regulamento, que fai mención ao fomento da pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.

En concreto apoiaranse de forma preferente as propostas para a transferencia de coñecementos entre o persoal investigador e as persoas que conforman os sectores da pesca e do marisqueo, dirixidos a:

- Creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes, as persoas que conforman os sectores da pesca e do marisqueo e unha o varias organizacións de pescadores, nas que poidan participar organismos técnicos.
- Actividades desenvolvidas polas redes, acordos de asociación ou asociacións para:
 - Recompilación de datos e actividades de xestión de redes.

■ Outras:

- Estudos e proxectos de investigación.
- Proxectos piloto.
- Difusión de coñecementos e resultados de investigacións.
- Seminarios.
- Mellores prácticas.

En calquera caso as asociacións deberán incluír un organismo científico e un organismo do sector pesqueiro.

Non se financiará a adquisición de dispositivos informáticos de uso xenérico, tales como ordenadores portátiles, impresoras, etc, nin todos aqueles cuxa vida útil exceda a duración prevista das actuacións propostas.

Artigo 10.- Procedemento de aprobación das propostas

1. Unha vez presentada a proposta, a secretaría comprobará que as solicitudes están cumprimentadas axeitadamente e que van acompañadas da documentación correspondente.

No caso de non cumprir requisitos, realizarase un requirimento solicitando a rectificación no prazo de 10 días; de non realizarse a emenda no prazo indicado, entenderase desistidos na proposta presentada.

Unha vez comprobada a integridade e corrección da documentación remitida, dende a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprobarase que a dita proposta cumpre cos obxectivos do Programa Operativo FEMPA, segundo o establecido nos criterios xerais e específicos (ficha 21) de selección do FEMPA:

https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/cs_fempa_aprobado_30062023_tcm30-655640.pdf

As propostas aliñadas cos obxectivos do programa operativo FEMPA remitiranse ou presentaranse ás persoas integrantes de REDEMAR.

Para aquelas propostas que pola súa complexidade requiran un especial coñecemento ou precisen unha maior definición, poderase formar un grupo de traballo composto por integrantes da Rede e persoal técnico da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Este grupo poderá solicitar o asesoramento de persoas con coñecementos acreditados sobre a materia obxecto da proposta, que poderán orientar as persoas integrantes do grupo sobre a súa idoneidade. Unha vez definida a proposta, presentarase ante a Rede.

Cada integrante de REDEMAR manifestará o seu parecer, positivo ou negativo, sobre a proposta, que remitirá á secretaría. A secretaría propondrá a aprobación das que contén coa

maioría de positivos, segundo a orde de solicitude e ata o esgotamento dos fondos dispoñibles.

Corresponderá á Presidencia aprobar as propostas remitidas, tendo en conta á proposta da secretaría.

Artigo 11. Formalización das propostas

As propostas formalizaranse mediante convenio ou contrato, segundo corresponda, que conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) Descrición das características e obxectivos xerais do grupo, incluíndo a identificación e caracterización de cada unha das entidades que participan nel.
- b) Identificación da persoa que actuará como representante do proxecto, así como as funcións que se lle encomenden; entre elas deberán estar as de relación coas persoas integrantes da Rede que non formen parte da agrupación, presentando as correspondentes xustificacións económicas do proxecto, actuando como responsable para os efectos da comunicación en prazo da dita xustificación durante todo o procedemento de execución e xustificación da actuación, así como as de velar polo cumprimento dos obxectivos globais do proxecto, coordinar as actuacións relacionadas con este, elaborar os informes globais de seguimento e presentar os resultados do proxecto.
- c) Definición dos compromisos que cada organismo adquirirá ao formar parte da agrupación, detallando en que actividades principais da actuación participará, obxectivos particulares a acadar, así como os seus posibles colaboradores.
- d) Descrición detallada das metas, entregables e/ou obxectivos mínimos imprescindibles para entender cumprido o proxecto.
- e) Distribución do orzamento asignado a cada entidade.
- f) Disposicións para a resolución, se é o caso, de contenciosos internos.
- g) Acordos de responsabilidade, compensación e confidencialidade entre os participantes. Os resultados derivados do proxecto serán públicos.
- h) Tipos de reunión a realizar, quóruns e frecuencia. Como mínimo reunirse semestralmente, para os efectos de recoller os avances realizados, resultados obtidos e informar deles a través do representante ao conxunto da Rede.
- i) Duración da agrupación.

Nos termos previstos no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, poderán ser subcontratadas aquelas actividades da actuación que non poidan ser realizadas polas

entidades da agrupación, que deberán estar indicadas no documento de formalización da proposta, indicando a actividade subcontratada, o importe aproximado e o procedemento previsto para a adxudicación. Deberá formalizarse por escrito.

Artigo 12. Utilización de medios electrónicos

1. A Rede desenvolverá a súa actividade nun contorno dixital. As comunicacións e a adopción de acordos realizarase preferentemente por medios electrónicos, segundo o establecido na normativa básica de órganos colexiados contemplada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico dos órganos colexiados do sector público.
2. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, agás que non sexa posible, as convocatorias remitiranse as persoas integrantes da Rede a través de medios electrónicos nos termos previsto no devandito precepto.
3. A Rede poderá celebrar sesións por videoconferencia ou outros medios electrónicos válidos para estes efectos conforme o disposto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
4. As actas das sesións da Rede e os certificados dos acordos constarán en documentos asinados electronicamente polas persoas que ostenten a secretaría, a presidencia, ou ambas, segundo proceda, e archivaranse electronicamente no Expediente Administrativo Electrónico da Xunta de Galicia, con todas as garantías adecuadas para a súa autenticidade e conservación. Para a sinatura electrónica utilizaranse os sistemas previstos no artigo 73 da Lei reguladora da Administración dixital de Galicia.

Artigo 13. Modificación do regulamento interno

As modificacións das que poda ser obxecto o presente Regulamento interno serán propostas pola Presidencia ou a petición de calquera outro integrante da Rede e aprobadas en sesión plenaria.